

## ESPECIAL ARTE

---

*Beleza roubada*  
Caino Vasconcellos



## *Beleza roubada*

CAIÑO VASCONCELLOS

Veleiquei unha pequena escolma dos moitos debuxos que fixen ao longo da miña vida. Alá foron para xornais, libros, revistas, carteis, pratos, exposicións etc. Entre eles cómpre destacar, ademais da mostra individual na galería Jadite, outra colectiva de debuxos na galería M.A. de Nova-Iorque e os traballos para a revista Dorna (expresión poética galega) que publica a Facultade de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, así como as ilustracións e portadas para infinidad de libros publicados tanto en España coma nos Estados Unidos polo meu amigo o poeta guardés Francisco Álvarez (Koki).


O meu caderno de debuxo foi o chan e as pedras do barrio d'O Piñeiro. Terra e cemento para debuxar neles, cun pau ou cun caleón, o cotián: nenos, mulleres, casas, barcas, peixes, mares e ceos, mais tamén os soños e as ilusións dun rapaz que escomezaba a voar coas ás da imaxinación, caneando a vida e gardando na alma a paisaxe, a xente, os ollos, os sorrisos, os choros e os misterios.

Foron momentos de gardar nas entrañas as pegadas do tempo, de tomar testemuñas e plasmalas no papel: camiños, hortas, bosques e outros fermosos espazos que por desgraza hoxe só fican na memoria.

Ninguén pintou Baiona tantas veces coma min. As súas casas, pedras, camiños, rúas, paisaxes fican gravadas no meu pensamento e na miña alma, e tamén neses traballos espallados por fogares de moitos países do mundo. Neles está o amor que sinto por esta vila que é a miña vida e forma parte da miña pintura. Aquel recuncho, aquel bosque, aqueles anacos de paisaxe xa desaparecidos rescátoos da memoria buscándolles un oco no papel ou no lenzo.


Foron tempos de tomar, de gardar, de pintar a beleza roubada por unha indiscriminada desfeita provocada pola falta de sensibilidade duns gobernantes que demostraron, reiteradamente, ter uns intereses ben diferentes do coidado e embelecemento da vila. Consentiron ou desfixeron, eles mesmos, espazos naturais, edificios, pedras... agora irrecuperables. Consentiron ou realizaron, eles mesmos, aberrantes destrucións, tanto nas parroquias do concello como na contorna da vila ou no mesmo casco vello. Estragaron a mantenta unha das vilas máis fermosas de Galicia.







\*Original en cor.






\*Original en cor.






\*Original en cor.






\*Original en cor.



\*Orixinal en cor.





\*Original en cor.



\*Original en cor.





